

# XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

### SISTEMA DE AVALIACIÓN

| PORCENTAXE            | INSTRUMENTO                                                                                                                                               |
|-----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| · 80% da calificación | · <b>Probas escritas</b> sobre aspectos traballados na aula                                                                                               |
| · 20% da calificación | · <b>Traballo diario</b> de diverso formato (individual, grupo, investigación, repaso e/ou afondamento) recollido na ficha de seguimento de cada alumna/o |

O peso das **probas escritas é do 80%** . Haberá un mínimo de dúas probas por trimestre e en cada unha constará a puntuación de cada cuestión. O alumnado verá as correccións ás probas e recibirá a información que precise sobre elas.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

O peso das **táboas de indicadores** (traballo diario) **é do 20%**. Será consignado no sistema de xestión de aula da persoa docente e o alumno recibirá información sobre a súa evolución neste 20% da nota.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos, informes e redaccións, presentacións en ordenador, cadernos e cartafol, resumos, pósters, exposicións orais, etc. Para a corrección deses traballos empregárase unha gradación de 0 a 2, entendendo o 0 como erros graves ou ausencia de traballo e o 2 como puntuación máxima, no marco do 20% asociado este instrumento de avaliación. O alumnado será informado da nota recibida en cada tarefa.

**A nota da avaliación será o resultado de:**

**Nota avaliación= [ (Media Ex= 80% )+ (Media táboa indicadores= 20)%]**

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación. Poderáse facer redondeos a partir de x.4 no caso de que exista un traballo diario feito na súa práctica totalidade (80% do mesmo).

Para a **cualificación final** de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

**Nota final= [(Nota 1ª aval. = 33,3% ) + (Nota 2ª aval.= 33,3%) + (Nota 3ª aval.=33,3%)]**

## RECUPERACIÓN

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. A persoa docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado tamén de 0a 10. Para calcular a nota da recuperación considerarase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos e será o resultado de:

**Nota recuperación da avaliación non superada= [(Nota Ex recuperación. 50% + Media actividades reforzo 50%)].**

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación. Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva. No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente; en caso contrario, si debe entregalo de novo.

Máis información no apartado PROGRAMACIÓNS/ PROENS na web

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmendiño/>